



FIMA 2026, escaparate da tecnoloxía máis avanzada para o campo

Máis de 1.200 marcas amosaron as súas novidades en Feria de Zaragoza. A innovación e a preocupación pola remuda xeracional foron os temas centrais de diversos foros e encontros. A organización xa pensa agora na Feira Internacional para a Producción Animal, que se celebrará do 16 ao 19 de marzo de 2027.

Entre o 10 e o 14 de febreiro, Feria de Zaragoza acolleu a 44.ª edición de FIMA, Feira Internacional de Maquinaria Agrícola. O evento, que se organiza con carácter bienal no recinto aragonés, volveu ser unha gran cita internacional do sector da maquinaria e a tecnoloxía agrícola.

O ambiente animouse co paso das xornadas e preto de 190.000 persoas, segundo datos da organización, asistiron a estas instalacións de case 90.000 metros cadrados, distribuídos en nove pavillóns. Arredor de 1.260 marcas procedentes de 35 países expuxeron as súas novidades.

“Para Feria de Zaragoza, FIMA é un encontro importantísimo. É a feira sectorial máis antiga que organizamos, desde o ano 1964. Ao principio era anual e agora celébrase cada dous anos, pero mantense

como a pioneira e a máis grande en volume”, subliñou Rogelio Cuairán, director de Feria de Zaragoza.

MÁIS TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN

Nesta ocasión, un dos atractivos do certame situouse no pavillón 9, que acolleu o espazo FIMA Tech. Tratouse dun novo escenario destinado a potenciar o desenvolvemento tecnolóxico e a dixitalización no sector agrícola. Este punto de encontro reuniu *startups*, universidades, centros de coñecemento e empresas líderes que transforman o campo a través da robótica, a intelixencia artificial, o *big data*, a Internet das Cousas e a agricultura de precisión.

Cuairán explicou as razóns que os levaron a habilitar esta área específica: “Quixemos poñer en valor todas as tecnoloxías do sector agrícola, moitas veces descoñecidas ao

ir integradas na propia maquinaria. Non obstante, implántanse tras moitos anos de investigación e desenvolvemento. É un sector supertecnolóxico”.

Un dos protagonistas en FIMA Tech foi Javier Bueno, profesor da Escola Superior de Enxeñaría do Campus Terra de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela. O docente exhibiu o proxecto PurinPreciso, un dos traballos estrela do seu grupo de investigación, BioModem.

“FIMA Tech é unha iniciativa moi interesante, dado que nos permite poñer en contacto as empresas que participan na feira cos centros tecnolóxicos, universidades e grupos de investigación que desenvolven calquera tipo de iniciativa relacionada co uso das novas solucións en agricultura”, subliñou Bueno.

► CERCA DE 190.000 PERSOAS PASARON POR FERIA DE ZARAGOZA DURANTE OS CINCO DÍAS DE FIMA

PREMIOS Á INNOVACIÓN

Ademais, o profesor tamén formou parte do xurado avaliador das novidades técnicas que se premiaron na feira. Kuhn Ibérica foi a empresa máis galardoada con tres recoñecementos. Entre outros, destaca o seu sistema Variosmart, que recibiu o nomeamento de novidade técnica sobresaínte.

Este mecanismo, posto en marcha a través da empresa alemá Rauch, utilízase para a aplicación de fertilizante granulado con fertilizadoras de discos. Trátase dun embrague multidisco controlado hidráulicamente, que utiliza unha bomba integrada e unha válvula de control de presión proporcional altamente dinámica para regular a velocidade do disco espaxecedor dereito das fertilizadoras centrífugas.

Javier Bueno manifestou a alta participación e os argumentos que seguiu o xurado: “Recibimos máis de trinta propostas e seleccionamos nove delas. Unha das nosas premisas é premiar aqueles lanzamentos que se consideren de uso práctico, é dicir, de utilidade interesante para os usuarios finais, que son os agricultores e gandeiros”.

“A escaseza de man de obra, tanto por falta de remuda coma polo descenso de poboación no medio rural, condiciona a nova maquinaria. A autonomía das máquinas, coa consecuente redución do persoal necesario para o seu manexo, é unha tendencia xeneralizada en case todos os fabricantes. Ademais, incorporan tecnoloxía que permite realizar traballos de maneira máis precisa, o que implica unha maior eficiencia no uso dos insumos e nos sistemas de produción agrícola; en definitiva, logran ser máis respectuosos co medio ambiente”, comentou Bueno.

Nesta edición tamén se impulsou FIMA Conecta Talento, tras dar o seu sinal de partida en FIGAN 2025.



Schaeffer Ibérica leva participando en FIMA desde 2010

Durante unha xornada promoveuse o diálogo entre empresas, profesionais e mozos interesados en desenvolver a súa carreira no ámbito agrícola.

O Centro de Congresos acolleu novamente sesións institucionais, mesas de diálogo, presentacións técnicas e reunións sectoriais que atraeron a un elevado número de profesionais.

“A innovación e a sostibilidade son dous dos puntos que sempre estiveron presentes en FIMA. Os nosos expositores así o demostran e no noso concurso premiamos estas características. Tivemos moita afluencia. Ademais de toda a parte expositiva e congresual, a feira é o punto de encontro do sector agroalimentario de España. Estamos orgullosos de que aquí sexa”, remarcou o director da institución.

FIMA pecha as súas portas ata 2028. Con todo, FERIA de Zaragoza volverá abrírlas ao sector en 2027 para organizar a nova edición de FIGAN, Feira Internacional para a Produción Animal. Este evento levarase a cabo do 16 ao 19 de marzo do vindeiro ano.



Rogelio Cuairán, director de FERIA de Zaragoza

“Xa tivemos o primeiro comité organizador de FIGAN, no cal cambiamos a súa presidencia. Ramón Alsina, CEO do grupo bonÀrea, pasa a exercer este cargo. Convido a todas as marcas que queiran vir a expoñer a inscribirse. Sei que faltan moitos meses, pero desde FERIA de Zaragoza traballamos con esta previsión, xa que organizar grandes eventos como FIMA e FIGAN require desta antelación”, concluíu Rogelio Cuairán. ■



O pavillón 9 acolleu o espazo FIMA Tech, para impulsar a tecnoloxía e a dixitalización